

NOTA DE PRENSA

Psicólogas e psicólogos galegos revisan a técnica da entrevista de avaliación forense

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2016 - Mañá sábado 2 de abril, o Colexio Oficial de Psicología de Galicia acolle un obradoiro sobre a entrevista de avaliación forense, impartido polo psicólogo forense Jordi Bajet i Royo (Barcelona). Esta actividade que se desenvolverá na sede do Colexio, en Santiago de Compostela, pretende revisar as diversas técnicas da entrevista, un recurso esencial na práctica da psicología, para centrarse especificamente nas particularidades de forense.

Será un obradoiro cun carácter altamente aplicado, no que os psicólogos e psicólogas asistentes practicarán este tipo de entrevistas. Revisarán os tipos, as características, as fases e os diferentes elementos destas entrevistas, así como os límites cos que os e as profesionais teñen que lidar no seu exercicio, ademais de reflexionar sobre aspectos prácticos á hora da súa execución, entrando en aspectos concretos como a observación ou a simulación.

O docente, Jordi Bajet i Royo, é profesor da Universitat de Barcelona e subdirector do Máster de Psicología Forense e Criminal desta mesma universidade. Ademais, é supervisor senior do Institut de Psicologia Forense da cidade condal. Esta actividade organizada pola Sección de Psicología Xurídica enmárcase dentro do programa formativo do Colexio Oficial de Psicología, co que pretende promover a formación continuada entre os seus colexiados e colexiadas.

Saúdos,

Se desexan solicitar **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicología de Galicia:

Eliana Martíns: 981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal